

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape (en diante, Igape), na súa xuntanza do 26 de marzo de 2025, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes, aprobar as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e facultou a persoa titular da Dirección Xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas) (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A); e convocar para o exercicio 2025 as ditas axudas en réxime de concorrencia non competitiva.

A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 2.380.000 € no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, computándose como cofinanciamento nacional polo 40 % restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios.

En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.



Prioridade P1A Transición dixital e intelixente.

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: axudas á internacionalización de empresas galegas.

Subtipo de acción 1.3.3.1: axudas ao programa de misións comerciais de pemes.

Ámbito de intervención 021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores do programa Galicia Feder 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

- Indicador de realización RCO01. Empresas apoiadas (das cales, microempresas, pequenas, medianas, grandes).
- Indicador de realización RCO02. Empresas apoiadas a través de subvencións.
- Indicador de resultado RCR02. Investimentos privados que acompañan o apoio público.

Segundo. As entidades colaboradoras son as encargadas de tramitar a solicitude de axuda (facer a reserva do crédito, presentar a solicitude e presentar a documentación xustificativa da actuación).

O prazo de adhesión das entidades colaboradoras será de 5 días hábiles a partir do día seguinte hábil ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (código de procedemento IG422A).

Terceiro. *Prazos de duración do procedemento, de execución do proxecto e para solicitar o cobramento*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses desde a data de presentación da solicitude e, transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.



O prazo de presentación de solicitudes de axuda (código de procedemento IG422B) iniciárase o día seguinte hábil ao da finalización do prazo de adhesión das entidades colaboradoras contado desde ás 9.00 horas do día do inicio do prazo e finalizará ás 14.00 horas do 31 de outubro de 2025, agás que antes desa data se produza o suposto de esgotamento do crédito. Neste caso informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través da páxina web do Igape e no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de execución de cada actuación abarcará desde o 1 de xaneiro de 2025, –ben que a totalidade das accións para as que se solicita a axuda non poderán estar executadas integramente no momento de presentar a solicitude de axuda (data última factura)–, e rematará no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización de cada actuación, prazo no que se deberá presentar a solicitude de cobramento.

Este prazo non poderá exceder o 30 de novembro de 2025, para as solicitudes con accións a realizar ata esta data, e do 31 de marzo de 2026, para solicitudes con accións a realizar ata esta data. Estas dúas datas, en cada caso, son as datas últimas admisibles de facturación e pagamento. As accións realizadas entre o 1 de decembro de 2025 e o 31 de decembro de 2025 poderán ser imputadas ao 2026.

Cuarto. Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Ano 2025	Ano 2026	Total
09 A1 741A 7700	1.900.000 €	480.000 €	2.380.000 €

A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar o crédito no caso de que o crédito actual sexa insuficiente para atender todas as solicitudes presentadas, logo de declaración da súa dispoñibilidade, nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ou dunha transferencia de crédito, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Quinto. Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto nos artigos 54 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns, relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante, RDC).

Sexto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario.

Sétimo. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Oitavo. Publicar no *Diario Oficial de Galicia* o convenio para a xestión das axudas Foexga ao que se deben adherir as entidades colaboradoras.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Covadonga Toca Carús
Directora Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das Exportacións Galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento



tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva en liña coa estratexia galega de especialización intelixente (RIS3).

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, a Xunta de Galicia desenvolveu o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Estas bases enmárcanse dentro da RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúen ao obxectivo estratéxico 5, integrándose no programa Posiciona da RIS3 e no programa Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá sendo un dos eixes prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento ás empresas para a súa entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, o Goberno galego aposta pola internacionalización das empresas galegas.

Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, na calidade e no impacto efectivo das exportacións da empresa galega. Aumento do número de empresas da base exportadora, procura e apertura de novos mercados, apoio na ampliación de cota de mercados con menor presenza e maior potencial de crecemento futuro, e consolidación de cota nos mercados maduros. En definitiva, esta estratexia persegue unha fase de consolidación dos distintos esforzos e accións emprendidas ao longo dos últimos anos para estimular, fortalecer, expandir e consolidar a internacionalización das pemes galegas e os seus produtos e servizos.

En concreto, estas bases encaixan nos obxectivos dos seguintes eixes da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025:

Eixe 3. Acompañamento e dotación de medios. Obxectivo: maior presenza internacional; diversificación de mercados, pero, sobre todo, zonas xeográficas.



A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 2.380.000 € no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, computándose como cofinanciamento nacional polo 40 % restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios.

En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Prioridade P1A Transición dixital e intelixente.

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: axudas á internacionalización de empresas galegas.

Subtipo de acción 1.3.3.1: axudas ao programa de misións comerciais de pemes.

Ámbito de intervención 021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores do programa Galicia Feder 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

- Indicador de realización RCOO1. Empresas apoiadas (das cales, microempresas, pequenas, medianas, grandes).
- Indicador de realización RCOO2. Empresas apoiadas a través de subvencións.
- Indicador de resultado RCRO2. Investimentos privados que acompañan ao apoio público.



A estas bases reguladoras resúltalles de aplicación o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés); isto é, que ningunha das actuacións promovidas nestas bases incide negativamente en ningún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852: mitigación ao cambio climático, adaptación ao cambio climático, uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariño, economía circular, prevención e control da contaminación e protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

En aplicación do disposto na Lei 18/2022, de creación e crecemento de empresas, que modifica o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nestas bases incorpórase a obriga para as empresas de cumprir os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para poder ser beneficiarias de subvencións de importe superior a 30.000 €.

O obxectivo destas bases é incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das pemes galegas.

As convocatorias desta liña de axudas serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape. As ditas convocatorias incluírán o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Polo seu obxecto e finalidade e por non corresponder avaliación ningunha das solicitudes, senón a mera comprobación dos requisitos das persoas beneficiarias, as axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A preparación e presentación por parte da entidade colaboradora de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes, e dado que as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios técnicos axeitados.

Artigo 1. *Obxecto e definicións*

1. Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto aprobar as condicións polas cales se rexerá a concesión de axudas Foexga, coa finalidade de incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das pemes galegas, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.



O obxectivo principal destas axudas é acadar a internacionalización real das pemes galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores.

As actuacións que engloban están dirixidas a:

- a) Aumentar a base de empresas exportadoras.
- b) Fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais.
- c) Conseguir unha maior diversificación, tanto sectorial coma xeográfica das exportacións, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de internacionalización das empresas galegas.
- d) Difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

O Igape publicará na súa páxina web <https://www.igape.gal/gl/pemes-e-autonomos/internacionalizacion> a relación actualizada en todo momento das entidades colaboradoras adheridas ao programa.

2. Definicións:

Participación agrupada: no contexto das actuacións de internacionalización obxecto destas bases, a participación agrupada defínese como a participación conxunta de, polo menos, dúas empresas nunha actividade específica organizada e executada por unha entidade colaboradora adherida. No caso das misións empresariais directas ao estranxeiro, só será subvencionable se as empresas participantes coinciden plenamente tanto no destino como no período de realización da misión. Isto significa que as actividades deben desenvolverse de forma simultánea, garantindo unha agrupación efectiva. Non serán consideradas válidas aquelas misións nas que as empresas participen de maneira illada ou en momentos distintos dentro da mesma misión, xa que o obxectivo é fomentar unha colaboración real e coordinada entre as empresas participantes.

Misión institucional: será considerada misión institucional calquera das actuacións de internacionalización obxecto destas bases que coincidan cunha viaxe institucional da Xunta de Galicia, inclúese expresamente esta modalidade, dado que a presenza dunha autoridade governamental nunha misión comercial internacional ofrece ás empresas vantaxes



como maior credibilidade, acceso facilitado a contactos clave, promoción no mercado de destino e apoio na resolución de barreiras burocráticas. Ademais, impulsa a confianza empresarial e reforza as relacións institucionais, favorecendo o éxito das operacións comerciais.

Artigo 2. *Procedemento e réxime de aplicación*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

2. A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no *Diario Oficial de Galicia*, e tamén na páxina web do Igape a dita circunstancia, o que suporá a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

- Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

3. As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión



Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023); no Regulamento (CE) nº 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño) e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), ou nas normas que os modifiquen.

4. A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 2.380.000 € no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, computándose como cofinanciamento nacional polo 40 % restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios.

En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Prioridade P1A Transición dixital e intelixente.

Obxectivo específico 1.3: reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Actuación 1.3.03: axudas á internacionalización de empresas galegas.

Subtipo de acción 1.3.3.1: axudas ao programa de misións comerciais de pemes.

Ámbito de intervención 021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

5. Os indicadores do programa Galicia Feder 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

– Indicador de realización RCOO1. Empresas apoiadas (das cales, microempresas, pequenas, medianas, grandes).

– Indicador de realización RCOO2. Empresas apoiadas a través de subvencións.



– Indicador de resultado RCRO2. Investimentos privados que acompañan o apoio público.

6. En cumprimento do artigo 9.4 do RDC todos os proxectos financiados ao abeiro destas bases reguladoras deben respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio DNSH, polas súas siglas en inglés, «*Do no significant harm*»).

7. Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no artigo 54.a) do RDC.

Artigo 3. *Actuacións, gastos subvencionables e importes de subvención*

1. Será subvencionable a participación agrupada nas seguintes actuacións de internacionalización organizadas e executadas por unha entidade colaboradora adherida nas que participen un mínimo de dúas empresas, aínda que só unha teña dereito a subvención por estas bases:

a) Misións empresariais directas ao estranxeiro (incluíndo os encontros empresariais, as misións institucionais ou as visitas a feiras que teñan lugar en calquera país estranxeiro), só en formatos presenciais e sempre que leven apareladas o desenvolvemento dunha axenda empresarial. Exceptúanse deste requisito de axenda as misións que teñan por obxecto visitas a feiras e a participación nas misións institucionais.

b) Participación presencial en feiras ou noutros eventos expositivos que teñan lugar no estranxeiro, así como aqueles outros eventos promocionais do tipo congresos, conferencias ou simposios que, aínda que non teñan un compoñente expositivo como tal, permitan indubidablemente a promoción da empresa a nivel internacional e teñan lugar no estranxeiro.

Estas actuacións deberán executarse preferentemente nos países que se recollen no anexo IV.

2. Gastos subvencionables, límites de subvención e contía da axuda.

Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento



do plan para o cal foron concibidos e sexan facturados polas entidades colaboradoras. Os gastos clasifícanse en:

a) Custos directos: determinados con base no seu custo real que se corresponden cos descritos no cadro seguinte.

Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> • Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b). Así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Alugueiro do espazo, posto (<i>stand</i>) e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, alugueiro de mobiliario, gastos de subministracións básicas no posto (<i>stand</i>) (luz, auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren, barco e/ou autobús, que sexan necesarios para o desenvolvemento da acción. Incluídos os traslados internos no/s país/es nos que teña lugar a acción. Non serán subvencionables os gastos de transporte en vehículo particular nin taxis. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración desta.
<ul style="list-style-type: none"> • Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	Só se subvencionarán pernoctacións comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctacións (7 pernoctacións no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctacións máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctacións. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración desta.
<ul style="list-style-type: none"> • Traslados grupais. 	Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora, inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados desde e ata o aeroporto, así como traslados desde ou ata lugares onde teñan lugar reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo.



Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> • Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante. 	
Servizos prestados directamente pola entidade colaboradora organizadora da acción	
<ul style="list-style-type: none"> • Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme, (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listaxes, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención para a peme). 	
<ul style="list-style-type: none"> • Parte proporcional do servizo de apoio técnico en destino. 	A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. Poderase solicitar a excepción desta obriga, que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non achega valor engadido á actuación.
<ul style="list-style-type: none"> • Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes 	Só se subvencionarán pernoctacións comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctacións (7 pernoctacións no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).
<ul style="list-style-type: none"> • Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos. 	Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 8.000 €. Este límite será de 10.000 € cando a misión se realice a máis dun país. Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 32.000 €.

b) Custos indirectos: determinados mediante un método de custo simplificado consistente nun tipo fixo do 7 % dos custos directos subvencionables de conformidade co establecido na letra a) do artigo 54 do RDC.

Serán aqueles custos distintos dos custos directos subvencionables, que non poden vincularse directamente á actividade subvencionada, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), subministracións (comunicacións, auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, mantemento ou limpeza.

Fíxanse nun tipo fixo do 7 % sobre os custos directos subvencionables indicados na letra a) anterior, ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC.

A contía da axuda será dunha subvención do 70 % dos custos directos subvencionables relacionados na letra a) do punto 2 deste artigo 3. Ademais, engádese a subvención



dos custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7 % sobre os custos directos subvencionables ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC, resultando unha intensidade de axuda do 71.96 %.

3. Cando o importe dos investimentos ou gastos subvencionables superen as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no caso de prestación do servizo no momento de publicar estas bases), a entidade colaboradora deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á súa contratación, agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención ou que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren. Neste caso, presentárase un escrito acreditativo desta circunstancia asinado por un experto independente.

As tres ofertas ou orzamentos de provedores deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Comparabilidade: deberán referirse á mesma tipoloxía de elemento obxecto de investimento, con prestacións similares e conter conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.

b) Non vinculación: os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si nin coa empresa solicitante. Para estes efectos, enténdese que existe vinculación cando se dean as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos puntos 2 e 3 respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

c) Identificación do ofertante e do destinatario: deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou o código de identificación fiscal. Excepcionalmente, poderán admitirse ofertas ou orzamentos nas que se omita algún dos elementos identificativos do emisor ou do destinatario cando, ao criterio dos servizos técnicos do Igape, se considere que están clara e inequivocamente identificados o ofertante e o destinatario.

d) Data: todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión.

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non teñan a capacidade para a subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e



formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).

Con carácter xeral, para cada elemento será subvencionable o importe correspondente á oferta de menor prezo de entre as comparables. Excepcionalmente, cando a solicitante non escolla a oferta de menor prezo, poderá considerarse subvencionable o importe da oferta elixida cando acredite que se trata da oferta economicamente máis vantaxosa tras a valoración de diferentes criterios adicionais ao prezo.

4. Admítese a subcontratación das actividades subvencionadas pola entidade colaboradora, sen límite respecto ao importe da actividade subvencionada, exixíndose a entidade colaboradora o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 43 do seu regulamento. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

5. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade colaboradora ou a peme beneficiaria ou cos seus órganos directivos ou xestores, agás que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

b) Que se solicite e conceda a súa previa autorización (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

A non vinculación demostrarase a través dunha declaración responsable do solicitante, que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude.

6. No caso de que a entidade colaboradora teña a condición de poder adxudicador nos termos previstos no artigo 3.3.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, deberán presentar, se é o caso, o correspondente expediente de contratación tramitado para o efecto nos termos previstos nos artigos 316 a 320 da devandita Lei de contratos do sector público. Así mesmo, deberán achegar un certificado do secretario ou responsable de control da legalidade da entidade na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública. Será responsabilidade da entidade colaboradora o cumprimento da citada normativa, podendo o seu incumprimento dar lugar á perda do dereito ao cobramento total ou parcial e demais responsabilidades previstas na normativa de subvencións públicas.



Conforme o artigo 3.3.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, teñen a consideración de poderes adxudicadores todos os entes, os organismos ou as entidades con personalidade xurídica propia distintas das administracións públicas, fundacións públicas ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios dese punto 3 financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión, ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

7. Polo que respecta á asistencia externa para a realización de axendas en destino, as empresas subcontratadas polas entidades colaboradoras para prestar este tipo de servizos deberán estar dadas de alta na base de datos de axentes comerciais mediadores no exterior do Igape. Esta é unha base de expertos en comercio exterior con experiencia contrastada en servizos de apoio á internacionalización e con amplos coñecementos do mercado do país de situación. Este requisito non se requirirá cando o servizo sexa prestado por: oficinas comerciais de España no estranxeiro, cámaras de comercio españolas no exterior, ou por cámaras de comercio estranxeiras. En definitiva, unicamente se requirirá no caso de que este servizo sexa prestado por empresas privadas para os efectos de avaliar a súa capacidade e para enriquecer a base de datos de axentes comerciais mediadores de utilidade para todas as empresas galegas nos seus procesos de internacionalización.

8. O período de execución dos gastos subvencionables denomínase prazo de execución da actuación e abarcará desde o 1 de xaneiro de 2025, -ben que a totalidade das accións para as que se solicita a axuda non poderán estar executadas integramente no momento de presentar a solicitude de axuda (data da última factura)-, ata o final do prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá superar a data establecida na resolución de convocatoria.

Excepcionalmente, serán considerados subvencionables os gastos relacionados coas reservas de espazos, viaxes e aloxamentos realizados antes do inicio do período de execución ordinario, sempre que se xustifique que estes gastos son imprescindibles para garantir a participación na actuación prevista.

9. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado e non se admitirán os pagamentos en efectivo.



10. En consonancia coa Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, queda expresamente excluído do ámbito de aplicación destas bases o Imposto sobre o valor engadido (IVE), a non ser que se acredite que non é recuperable.

11. Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Artigo 4. *Financiamento e concorrencia*

1. A concesión destas axudas, que terán a modalidade de subvención, outorgaranse con cargo aos orzamentos do Igape segundo a distribución establecida na convocatoria da axuda.

2. En todo caso, a concesión de axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. Estas axudas son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas para os mesmos fins.

4. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo o réxime *de minimis*, non se supera o límite de 300.000 € nos tres anos previos ao da concesión da axuda. Para as empresas do sector da pesca e a acuicultura o límite redúcese a 40.000 €. E para as empresas do sector agrícola o límite redúcese a 50.000 €.

5. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que a entidade colaboradora presente a documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase do solicitante unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os tres anos previos ao da concesión da axuda. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.



Artigo 5. Entidades colaboradoras

1. Para os efectos destas axudas, poderán ser entidades colaboradoras as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas, que son corporacións de dereito público que se configuran como órganos consultivos e de colaboración coas administracións públicas, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo, e que o soliciten nos prazos que se indican na convocatoria, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades colaboradoras serán as encargadas de programar, organizar e executar as actuacións e actuar de enlace entre as empresas solicitantes das actuacións sinaladas no punto 3.1 destas bases, asumindo as funcións e compromisos do punto 8 deste artigo.

3. Para acreditar a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Igape.

4. Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas cámaras nas cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, ou que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 €, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

5. De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio entre elas e o Igape, en que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, cuxo modelo figura no anexo VI destas bases. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13 da Lei de subvencións.

6. As entidades colaboradoras estarán exentas da constitución de garantía prevista no artigo 13.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, previa autorización polo Consello da Xunta nos termos previstos no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



7. Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto da xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións que vai realizar o organismo intermedio, a autoridade de xestión ou AC e, se e o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular, ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Conservar as solicitudes das empresas para participar na acción e os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora. Deberán restituír as cantidades percibidas nos casos en que conorra causa de reintegro.

d) Subministrar, por requirimento do Igape, durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro de 2026, un informe de resultados concretos obtidos grazas ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das actuacións financiadas.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e comunicar ás empresas esta obriga.

f) Remitir copia dixitalizada da dita documentación ao Igape.

g) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e a Unión Europea segundo o establecido no anexo X destas bases e comunicar ás empresas esta obriga.



h) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

8. As entidades colaboradoras adheridas asumirán os seguintes compromisos:

a) Programar, organizar, convocar e realizar as accións nos termos previstos nestas bases, xestionando a súa realización e os custos e pagamentos que lle correspondan no seu desenvolvemento; asumindo a xestión económica e a dirección técnica, e realizando a asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para este fin.

b) Realizar ante o Igape os trámites para solicitar a axuda, a través da aplicación informática que se habilite para o efecto.

c) Enviarlle ao Igape a convocatoria das accións subvencionadas polo Igape -co seu orzamento orientativo non limitativo- (segundo o modelo do anexo V) para a súa revisión co fin de garantir o establecido nestas bases e, a adecuación dos criterios de selección das empresas interesadas aos obxectivos destas bases e aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, igualdade e non discriminación, así como para a súa difusión.

d) Realizar o proceso de admisión das empresas que soliciten participar nas accións obxecto de apoio, conforme os procedementos que garantan os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència e igualdade e non discriminación, de acordo co artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e comprobar que as empresas seleccionadas compren os requisitos establecidos no artigo 8 destas bases para seren beneficiarias das axudas.

e) Comunicar ao Igape o peche da convocatoria e a relación de empresas seleccionadas para cada acción e emitir unha acta de selección de empresas.

f) Enviar ao Igape a información/documentación que se vaia facilitar ás empresas participantes na acción. Entre outros, o informe país/sectorial onde consten as oportunidades de negocio para as empresas galegas e as relacións bilaterais do país con Galicia.

g) Prestar ás pemes o servizo de acompañamento na acción en calidade de apoio técnico en destino, e incluír os custos necesarios para a viaxe, o aloxamento e os relacionados (taxas, visados, PCR, etc.) da persoa ou persoas das entidades colaboradoras que se



despracen para prestaren estes servizos. A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación cunha participación igual ou superior a 4 empresas. A entidade colaboradora poderá solicitar a excepción desta obriga, que se poderá acordar extraordinariamente cando polas características da actuación se desprenda que non achega valor engadido.

h) Notificar ás empresas participantes a axuda concedida e emitir o correspondente documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Esta comunicación farase ás empresas no prazo de dez días desde o remate do proceso de selección das empresas participantes na acción e conforme a resolución correspondente á actuación na que participa a empresa, de produciren modificacións a esta resolución, a entidade colaboradora deberá confeccionar e enviar un novo DECA á empresa que conteña os datos das citadas resolucións de modificación no prazo dun mes desde a notificación da dita modificación.

i) Xustificar a axuda ante o Igape atendendo ao procedemento descrito nestas bases para a xestión destas axudas.

j) As cámaras deberán ingresar ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidos do Igape, nun prazo máximo de 10 días, tras recibiren a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as cámaras deberán remitir ao Igape un escrito no que informen disto con copia simple das transferencias efectuadas.

k) Poñer todos os medios para recadar das empresas a documentación necesaria para a debida xustificación da subvención.

l) Facilitar tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

m) Promover e difundir este programa, así como informar o Igape do resto de actividades e programas de apoio á internacionalización empresarial que leven a cabo.

n) Reintegrar, nos casos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a totalidade ou parte das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora. Esta obriga será independente das sancións que, se é o caso, resulten exixibles.



o) Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no ambiente na execución das actuacións e respectar o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio *Do no significant harm-DNSH*), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

Artigo 6. *Adhesión de entidades colaboradoras*

1. Forma e lugar de presentación da solicitude de adhesión (código de procedemento IG422A).

As entidades colaboradoras interesadas deberán acceder obrigatoriamente á aplicación informática accesible desde a oficina virtual do Igape (<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>) ou desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, para cubrir a solicitude de adhesión (anexo I) e o convenio de colaboración (anexo VI).

Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización, que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telematicamente e asinar electronicamente as solicitudes de axuda das subvencións. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda e Administración Pública (consultar en <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>).

O usuario e o contrasinal utilizado para o acceso á oficina virtual do Igape serán, unha vez asinado o convenio, os válidos para consultar o estado da solicitude de adhesión, para cubrir as solicitudes de axuda, e para ver o seu estado.

2. Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizada (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.



3. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) No caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil, as persoas interesadas deberán achegar escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes, e acreditación da representación con que se actúa, no caso de non atoparse inscritas no Rexistro Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG).

b) Certificado de situación censual emitido pola AEAT, no caso de estar exento do imposto de actividades económicas (IAE).

c) Convenio de colaboración (anexo VI) asinado dixitalmente pola entidade colaboradora.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



4. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- e) Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
- f) Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
- h) Documentación depositada no Rexistro Mercantil segundo o artigo 6.3 das bases.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e presentar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo ao enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>.

6. Prazo de presentación das solicitudes de adhesión. O prazo para a presentación das solicitudes de adhesión será o establecido na convocatoria.



7. Emenda. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución.

Igual requirimento se efectuará por parte do Igape no suposto de resultado negativo da consulta cos organismos seguintes: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda e Administración Pública, así como na verificación do NIF e o IAE.

Os requirimentos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Enviaráselle ao interesado ao enderezo de correo electrónico que facilitase na adhesión un aviso, que informará da posta á disposición do requirimento.

Pode acceder ao citado requirimento no taboleiro dispoñible na aplicación co seu usuario e contrasinal.

8. Instrución do procedemento e audiencia. Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de 10 días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

9. Competencia. É competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras a Área de Internacionalización do Igape e, para a súa resolución, a persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

Artigo 7. *Resolución e notificacións das resolucións das solicitudes de adhesión*

O prazo máximo para resolver sobre as adhesións é de 10 días hábiles, contados desde a solicitude. Transcorrido o dito prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. A resolución ditarase individualmente para



cada unha das solicitudes, e notificarase seguindo estritamente a súa orde de presentación, salvo que se deba emendar, momento no que se terá en conta a data de presentación da emenda.

Tendo en conta os prazos anteriores, aquelas solicitudes de adhesión que á data de fin de prazo de presentación de solicitudes de axuda das empresas non estivesen adheridos serán arquivados ao non ser materialmente posible executar o obxecto principal da colaboración por ter rematado o período deste.

Sen prexuízo do anterior, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos.

O convenio de colaboración asinado polo Igape remitiráselle á entidade colaboradora unha vez resolta a solicitude de adhesión.

As notificacións das resolucións e actos administrativos do procedemento practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o Igape practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Na páxina web do Igape <https://www.igape.gal/gl/pemes-e-autonomos/internacionalizacion> poderá consultarse a listaxe de entidades colaboradoras adheridas ao programa.

Artigo 8. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que cumpran cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia con polo menos un traballador no momento de presentación da axuda.

c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.

d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais, contando como mínimo cunha páxina web con versión en inglés.

e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.



f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime *de minimis* segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.

g) Que estean ao día de pagamentos que se deben ás cámaras.

h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención, no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa tanto directa como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será así mesmo a encargada de informar puntualmente o interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas da mesma, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 15.2. O Igape porá á disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude (anexo IX) de participación electronicamente.

Este formulario deberá ser asinado e presentado ante a entidade colaboradora no prazo que estableza a correspondente convocatoria de acción, deberá xuntarse a documentación necesaria para que a entidade colaboradora poida efectuar a comprobación de que se cumpren os requisitos de beneficiario, así como xustificante do pagamento correspondente á cota de participación na acción.

Artigo 9. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

a) As descritas no artigo 5.7 letras a), b), d), e), e g), e 5.8 letras l), n) e o) obrigas comúns ás entidades colaboradoras.

b) Cubrir o Cuestionario de participación (anexo IX) no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.



c) Confirmar a inscrición na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria e, en todo caso, antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 19 destas bases.

d) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases e como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria como son:

- a. DNI/NIE da persoa representante.
 - b. NIF da entidade solicitante.
 - c. NIF da entidade representante.
 - d. Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
 - e. Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
 - f. Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
 - g. Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
 - h. Declaración de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
 - i. Declaración de concesións de subvencións e axudas.
 - j. Declaración de concesións pola regra *de minimis*.
 - k. Consulta do Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.
- e) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.



f) Comunicarlle á entidade colaboradora a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.

h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Consentir ao Igape para a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.

Artigo 10. *Forma e lugar de presentación das solicitudes (código de procedemento IG422B)*

Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar a solicitude de axuda, as entidades colaboradoras deberán cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do proxecto para o que solicita a subvención e o orzamento de gastos a través da aplicación establecida no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>

No devandito formulario electrónico a entidade colaboradora realizará as seguintes declaracións:

a) Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

b) Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.

c) Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda e garantir a sustentabilidade financeira do proxecto.



d) Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

e) Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.

f) Que cumpre o principio de non causar prexuízo significativo ao ambiente (principio *Do no significant harm*–DNSH), segundo o anexo VIII a estas bases.

As solicitudes de axuda presentaranse mediante formulario normalizado, que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo II a estas bases a título informativo.

Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II), que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Os solicitantes por esta vía electrónica unicamente poderán ser as entidades colaboradoras adheridas ao programa.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Convocatoria para a selección das pemes segundo o modelo do anexo V.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.



Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

As persoas solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da presentación na oficina virtual do Igape (<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>).

Artigo 11. *Instrución do procedemento de concesión das axudas*

1. Emenda.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha da documentación ou informacións exixidas, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Os requirimentos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Enviaráselle ao interesado ao enderezo de correo electrónico que facilitase na adhesión un aviso que informará da posta á disposición do requirimento.

A documentación requirida deberase presentar así mesmo por medios electrónicos a través da mesma aplicación informática.

2. Concesión.

As solicitudes, en todo caso, resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito, do cal se dará a correspondente publicidade.



Para os efectos da determinación da prelación temporal, a data para ter en conta será a data e hora de presentación da solicitude. No caso de presentación de achegas ou de que a solicitude requira emenda, terase en conta a data e hora en que a persoa solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida. No caso de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á cal o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

As reservas que están na listaxe de espera serán atendidas co crédito que quedase libre se se produce algunha cancelación ou modificación das actuacións reservadas. Para este efecto, se un solicitante renuncia ao crédito reservado para a súa solicitude, a entidade colaboradora deberá enviar un escrito asinado por esta e polo solicitante en que comunique este feito, para o efecto da cancelación desa reserva e liberar os créditos correspondentes.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Existencia de crédito.

A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no DOG e tamén na páxina web do Igape a dita circunstancia, o que suporá a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

- a) Xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa.

Artigo 12. *Órganos competentes*

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención será a Área de Internacionalización do Igape.



A competencia para ditar a resolución, que poña fin ao procedemento na vía administrativa, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

Artigo 13. *Audiencia*

Instruído o procedemento e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 14. *Prazo máximo de resolución*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o establecido na resolución da convocatoria, transcorrido o cal poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 15. *Resolución e notificación das resolucións*

1. Unha vez comprobada a documentación, a Dirección da Área de Internacionalización do Igape elevará a proposta de resolución á Dirección Xeral do Instituto, que resolverá a concesión ou denegación de cada axuda, por delegación do Consello de Dirección do Igape. O procedemento e contido da resolución axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

2. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da entidade colaboradora, contía da subvención e obrigas que corresponden á entidade colaboradora, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución, con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o DECA, no caso de axudas ás pemes.

Na resolución, constará a información sobre o cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e as correspondentes porcentaxes, con indicación do obxectivo político, obxectivo específico, actuación e ámbito de intervención.



Tamén incluírá a comunicación de que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións, que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda, co contido previsto no punto 3 do artigo 49 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Informarase a persoa beneficiaria sobre o carácter *de minimis* da axuda, e farase unha referencia expresa e completa aos regulamentos (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*; Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), ou as normas que os modifiquen.

Cos datos recollidos na resolución de concesión, a entidade colaboradora ten a obriga de emitir a cada empresa beneficiaria o Documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA), este documento deberá conter toda a información da resolución de concesión e pola parte proporcional resultante e correspondente a cada empresa que participe na actuación agrupada correspondente á resolución, esta notificación realizarase no prazo estipulado no artigo 5.8.h) destas bases.

3. As notificacións das resolucións e os actos administrativos do procedemento practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei /2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para



todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de aseguraren o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o Igape practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións realizaranse ás entidades colaboradoras e estas terán a obriga de notificarlles ás persoas beneficiarias das axudas, emitindo o correspondente documento polo que se Establecen as condicións da axuda (DECA). Esta comunicación farase ás empresas no prazo de dez días desde o remate do proceso de selección das empresas participantes na acción e conforme a resolución de concesión correspondente a esta, de producirse modificacións a esta resolución a cámara deberá confeccionar e enviar un novo DECA á empresa que conteña os datos das citadas resolucións de modificación.

Artigo 16. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Potestativamente, recurso previo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape. O prazo para interpoñer o recurso será dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da



notificación da resolución, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 17. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia da entidade colaboradora, sempre que esta presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

d) Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, teñan lugar con posterioridade a ela.

3. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 18. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 19. Xustificación da actuación

1. O prazo para solicitar o cobramento será o indicado na resolución de convocatoria destas axudas.

2. A entidade colaboradora deberá presentar a solicitude de cobramento mediante o formulario normalizado (anexo III), que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

3. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

4. Neste formulario deberá identificar ás pemes beneficiarias da axuda, clasificalas segundo sexan microempresas, pequenas ou medianas empresas e declarar ante o Igape que as devanditas empresas compren os requisitos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 8 destas bases reguladoras e que foron seleccionadas segundo o modelo de convocatoria remitido ao Igape.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009, para a presentación da conta xustificativa.

5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade colaboradora para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o interesado das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



6. A documentación xustificativa da actuación subvencionable que a entidade colaboradora ten que remitir ao Igape é a seguinte:

a) Acta de pemes seleccionadas participantes na acción subvencionada e a ficha de inscrición correspondente a cada unha delas. Así como os DECAS emitidos a favor das empresas participantes.

b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, se é o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia (segundo o modelo do anexo VII-Informe de execución).

c) Un arquivo excel co detalle de facturas e pagamentos no que se cubra ademais os seguintes datos relativos á contabilidade nos que se reflectan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida de contabilidade separada: número de asiento, data do asiento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable da entidade colaboradora de que estes datos reflecten a realidade contable da operación subvencionada.

d) O detalle doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia.

e) Facturas das entidades colaboradoras ás pemes, que deben reflectir os seguintes datos:

1º. Data de emisión.

2º. NIF da empresa beneficiaria.

3º. Base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE.

4º. Enumeración dos servizos prestados e o seu importe, especialmente aqueles prestados pola propia entidade colaboradora, como os de organización da actuación e acompañamento á acción para apoio técnico en destino, persoa que viaxa, datas, cidade/s de orixe e destino...

5º. A factura debe estar asinada pola entidade colaboradora. Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.



f) Documentación acreditativa do pagamento realizado pola peme beneficiaria, por algún dos seguintes medios:

– Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario; ou xustificante electrónico de transferencia bancaria no que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

– Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucions posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos do organismo beneficiario selada polo banco ou o recibín asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

g) Facturas dos provedores ás entidades colaboradoras que deben reflectir os seguintes datos e estar emitidas entre a data de solicitude de axuda e o prazo máximo de xustificación establecido na resolución de concesión.

1º. Data de emisión.

2º. NIF da empresa beneficiaria.

3º. Base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE.

4º. Detalle dos servizos prestados e o seu importe.



h) Documentación acreditativa do pagamento a provedores terceiros realizado pola entidade colaboradora, por algún dos seguintes medios:

– Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario; ou xustificante electrónico de transferencia bancaria no que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

– Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucions posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos do organismo beneficiario selada polo banco ou recibín asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

i) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, debe presentar a entidade colaboradora, de acordo co establecido no artigo 3.3 das bases reguladoras.

j) Declaración sobre calquera outra axuda recibida e/ou solicitada durante os tres anos anteriores ao da concesión da axuda, que se deberá cubrir no formulario electrónico de liquidación.

k) Calquera soporte dos establecidos no anexo X das bases onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público.



En todos os casos, os beneficiarios e as entidades colaboradoras deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que o beneficiario se opoña á consulta ou non preste o consentimento expreso, deberá achegar as certificacións xunto co resto da documentación xustificativa.

7. Advírtese de que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou deixar sen efecto a concesión e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas.

Artigo 20. *Pagamento ás entidades colaboradoras*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, o Igape, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

2. O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes de subvención referidos correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

3. As entidades colaboradoras deberán informar as pemes beneficiarias da axuda recibida polo Igape en réxime *de minimis*.

Artigo 21. *Perda do dereito á subvención, reintegro e sancións*

1. Serán causas de revogación e reintegro da subvención as establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O procedemento para declarar o incumprimento e o reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e título V do regulamento, e é competente para a resolución deste a persoa titular da Dirección Xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.



2. As cantidades que se van reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios e entidades colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu Regulamento.

4. Se no procedemento de reintegro quedase acreditada a infracción grave destas bases pola entidade colaboradora, o Igape poderá resolver a revogación da súa colaboración e o reintegro das cantidades aboadas polo Igape por conta dos beneficiarios. A existencia de reintegro aos beneficiarios procederá nos supostos en que conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. O Igape reserva para si o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se consideren oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e as entidades colaboradoras e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o Igape para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo organismo intermedio, a autoridade de xestión ou AC e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, a obriga de reintegrar as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

6. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.



b) Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Cando non se faciliten os datos requiridos sobre a actividade exportadora ou non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións que se van realizar o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Cando non dispoñan dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso.

e) Cando non acrediten que se atopan ao día das súas obrigas fiscais, coa seguridade social e coa comunidade autónoma.

f) En relación con outras subvencións e axudas, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, do 100 % da subvención concedida:

– A non comunicación ao Igape da súa obtención, cando estas financien as actividades subvencionadas.

– A percepción doutras subvencións públicas incompatibles coa subvención prevista nestas bases reguladoras.

g) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

h) Non dar publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo X destas bases.



7. Perda parcial do dereito ao cobramento: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape, poderá declarar a perda parcial do dereito ao cobramento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Serán causas de perda de dereito parcial:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, se e o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50 % da base subvencionable do proxecto por empresa participante, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o que suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, dun 2 % da subvención concedida.

8. Efectuado o pagamento das subvencións polo Igape, o incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

9. Devolución voluntaria da subvención. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES8320800388273110000584 en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.



Artigo 22. *Fiscalización e control*

Os beneficiarios e as entidades colaboradoras destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral as comprobacións e verificacións a realizar polo organismo intermedio, a autoridade de xestión e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Artigo 24. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na seguinte normativa:

a) Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).

b) Regulamento (UE) nº 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 231, do 30 de xuño de 2021).

c) A normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.

d) Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

e) Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro); Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura; Regulamento (UE) nº 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola.

f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

g) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.



h) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

j) Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos).

k) No resto da normativa que resulte de aplicación.

Artigo 25. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Dirección da Área de Internacionalización para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para o desenvolvemento e o cumprimento destas bases reguladoras.




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO I

PROCEDEMENTO ADHESIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA AO CONVENIO PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS FOEXGA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IG422A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO	NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE
						ANDAR
						PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que coñece o contido das bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos neles. 2. Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido nas bases reguladoras. 3. Que consente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre a entidade colaboradora e o Igape nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. 4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar exento/a de pagamento do imposto de actividades económicas. <input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non (neste caso achegarase a documentación correspondente) 6. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 7. Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais. 8. Que se compromete a cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, a través da aplicación informática habilitada para o efecto. 9. Que se compromete a enviarlle ao Igape a convocatoria das accións e a realizar o proceso de selección das empresas participantes. 10. Que se compromete a organizar e executar as accións coas condicións establecidas nas bases reguladoras. 11. Que se compromete a ingresar ás pemes beneficiarias os importes íntegros correspondentes ás subvencións recibidas do Igape nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia do Igape e a remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas. 12. Que se compromete a facilitar tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO I
(continuación)**

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
<input type="checkbox"/> Certificado de situación censual emitido pola AEAT, no caso de estar exento do imposto de actividades económicas (IAE).			
<input type="checkbox"/> Convenio de colaboración (anexo VI) asinado dixitalmente pola entidade colaboradora.			
<input type="checkbox"/> No caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil, as persoas interesadas deberán achegar escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes, e acreditación da representación con que se actúa, no caso de non atoparse inscritas no Rexistro Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG).	ÓRGANO	COD.PROC.	ANO

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública	<input type="checkbox"/>
Documentación depositada no Rexistro Mercantil, segundo o artigo 6.3 das bases	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non
Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE)	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non
Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia..
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia Feder 2021-2027, na súa condición de organismo intermedio en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión, segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos anexos XIV e XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA****ANEXO I
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

**Cofinanciado pola
Unión Europea****Fondos Europeos**

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

**XUNTA
DE GALICIA**


**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO II

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS FOEXGA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027		IG422B	SOLICITUDE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ ANDAR PORTA
PARROQUIA		LUGAR	
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal.			
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
DATOS BANCARIOS			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados, relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
IBAN			
ACTA DE CONSTITUCIÓN			
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO NIF DOMICILIO SOCIAL
PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:			
- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.			
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA			
<input type="checkbox"/> Convocatoria para a selección das pemes segundo o modelo do anexo V.			




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO II
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia Feder 2021-2027, na súa condición de organismo intermedio en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión, segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos anexos XIV e XVII do Regulamento (UE) n° 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data


**Cofinanciado pola
Unión Europea**

Fondos Europeos
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO III
SOLICITUDE DE COBRAMENTO
IG422B - AXUDAS FOEXGA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO			
EXPEDIENTE NÚM.			
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADO (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E solicita:

O cobramento da axuda correspondente, segundo o establecido na resolución de concesión da axuda, de acordo coa xustificación achegada requirida na dita resolución. No período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión. Os ditos gastos, cuxa relación fixo constar no formulario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia Feder 2021-2027, na súa condición de organismo intermedio en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión, segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos anexos XIV e XVII do Regulamento (UE) n° 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos





INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO III
(continuación)

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

CVE-DOG: xhu08o37-m6v6-wij3-lvd5-3beegchylk5



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO IV**Países prioritarios das actuacións 2025****Europa Occidental**

Alemaña

Francia

Reino Unido

Bélxica**Europa Nórdica****Dinamarca****Suecia****Finlandia**

Noruega

Europa Central e do Leste

Polonia

Hungría**República Checa**

Estonia

Letonia

Lituania

Serbia e Montenegro**Ucráina****Eslovaquia****Croacia****Europa do Sur**

Italia

Grecia**América do Norte**

Canadá

Estados Unidos de América

México

América Central e Caribe**Costa Rica**

Cuba
República Dominicana
Porto Rico
O Salvador
Guatemala
Honduras
Nicaragua
América do Sur
Chile
Paraguay
Ecuador
Colombia
Brasil
Uruguai
Perú
Arxentina
Bolivia
Norte de África
Marrocos
Alxeria
Exipto
Túnez
Libia
Mauritania
África Occidental
Cabo Verde
Nixeria
Senegal
África Oriental
Quenia
Tanzania
África Austral



Angola

Mozambique

Zambia

Suráfrica

Namibia

Oriente Medio

Israel

Emiratos Árabes Unidos

Irán

Catar

Arabia Saudita

Omán

Turquía

Asia Central

Casaquistán

Uzbekistán

Asia Oriental

China

Xapón

Corea do Sur

Sueste Asiático

Tailandia

Indonesia

Filipinas

Malaisia

Asia Meridional

India (incluído Sikkim)

Paquistán

Oceanía

Australia

Nova Zelandia



ANEXO V**Modelo de convocatoria inscrición das empresas na acción Foexga****INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA****Cofinanciado pola
Unión Europea****Fondos Europeos****Axudas Foexga 2025****Convocatoria**

Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia non competitiva (DOG).

A Cámara de Comercio de e o Igape convocan.....

NOME DA ACCIÓN**DATA**

- ORGANIZA: Cámara de Comercio de e Igape.
- COFINANCIA: Feder/Igape.
- SECTOR:
- DATAS:
- DATA LIMITE DE INSCRICIÓN:

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.



CUSTO

Especifíquese o custo de participación por empresa.

CONTÍA DA AXUDA

Esta acción contará cunha axuda de

PLAN DE VIAXE PREVISTO**FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS**

Data límite de inscrición:

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviarlle á Cámara de..... a seguinte documentación:

- Solicitud de participación (formulario para cubrir na Oficina Virtual do Igape).
- Xustificante de pagamento á c/c núm. c/c a nome da Cámara de Comercio de

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 8 das bases de axuda.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9 das bases de axuda.

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviarlle á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme os parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboaralle as subvencións á entidade colaboradora para que esta llos ingrese ás pemes os importes íntegros –sen compensación doutros gastos non elixibles– corres-



pondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia deste organismo. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitirle ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

No caso de BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA, a entidade colaboradora establece as seguintes penalizacións:

(Segundo a política comercial da entidade colaboradora)

.....

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Cámara de Comercio de.....

Enderezo

Tfno:...../Fax:...../e-mail:.....

ANEXO VI

Convenio entre o Igape e a entidade colaboradora _____
_____ para a xestión de axudas Foexga.

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J, domiciliado no Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades do _____ da presidenta do Igape, feita pública mediante a Resolución do _____



Doutra parte, _____, con NIF _____, que actúa en nome e representación da entidade _____ con NIF _____, debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) acordou realizar unha selección de entidades colaboradoras para a xestión das axudas Foexga. Estas entidades colaboradoras actuarán de ligazón entre o Igape e as empresas beneficiarias das axudas.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:**Primeira. *Obxecto da colaboración***

O presente convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade de _____ e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), de acordo coa Resolución do 31 de marzo de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm.....).

Segunda. *Condicións das actuacións, axuda do Igape e procedemento de tramitación***Condicións das actuacións:**

1. Será subvencionable a participación agrupada nas seguintes actuacións de internacionalización organizadas e executadas por unha entidade colaboradora adherida en que



participe un mínimo de dúas empresas, aínda que só unha teña dereito a subvención por estas bases:

a) Misións empresariais directas ao estranxeiro (incluíndo encontros empresariais, misións institucionais ou visitas a feiras que teñan lugar en calquera país estranxeiro), só en formatos presenciais e sempre que leven aparelladas o desenvolvemento dunha axenda empresarial. Exceptúanse deste requisito de axenda as misións que teñan por obxecto visitas a feiras e a participación nas misións institucionais.

b) Participación presencial en feiras ou noutros eventos expositivos que se realicen no estranxeiro, así como aqueloutros eventos promocionais do tipo congresos, conferencias ou simposios que, aínda que non teñan un compoñente expositivo como tal, permitan indubidablemente a promoción da empresa a nivel internacional e teñan lugar no estranxeiro.

Estas actuacións deberán executarse preferentemente nos países que se recollen no anexo IV.

Axuda do Igape e importes de subvención:

Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o cal foron concibidos e sexan facturados polas entidades colaboradoras. Os gastos clasifícanse en:

a) Custos directos: determinados con base no seu custo real, que se corresponden cos descritos no cadro seguinte.

Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción en que participe
• Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b), así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.	
• Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para a organización da acción.	
• Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.	
• Alugamento do espazo, postos (<i>stands</i>) e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, alugamento de mobiliario, gastos de subministracións básicas no posto (<i>stand</i>) (luz auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.	



Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción en que participe
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente. 	
<ul style="list-style-type: none"> Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren, barco e/ou autobús que sexan necesarios para o desenvolvemento da acción, incluídos os traslados internos no/nos país/es en que se realice a acción. Non serán subvencionables os gastos de transporte en vehículo particular nin taxis. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa ou forme parte do consello de administración dela.
<ul style="list-style-type: none"> Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). 	Só se subvencionarán pernoctacións comprendidas entre as datas das actuacións, cun máximo de 5 pernoctacións (7 pernoctacións no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctacións máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctacións. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa ou forme parte do consello de administración dela.
<ul style="list-style-type: none"> Traslados grupais. 	Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora; inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados desde e ata o aeroporto, así como, traslados desde ou ata lugares onde teñan lugar reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo.
<ul style="list-style-type: none"> Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares, sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b), dúas persoas por peme participante. 	
<ul style="list-style-type: none"> Servizos prestados directamente pola entidade colaboradora organizadora da acción 	
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listaxes, informes e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención para a peme). 	
<ul style="list-style-type: none"> Parte proporcional do servizo de apoio técnico en destino. 	A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. Poderase solicitar a excepción desta obriga, que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non achega valor engadido á actuación.
<ul style="list-style-type: none"> Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares e os visados correspondentes 	Só se subvencionarán pernoctacións comprendidas entre as datas das actuacións, cun máximo de 5 pernoctacións (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).
<ul style="list-style-type: none"> Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos. 	Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 8.000 €. Este límite será de 10.000 € cando a misión se realice a máis dun país. Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo en que participe: 32.000 €.



b) Custos indirectos: determinados mediante un método de custo simplificado consistente nun tipo fixo do 7 % dos custos directos subvencionables, de conformidade co establecido na letra a) do artigo 54 do RDC.

Serán aqueles custos distintos dos custos directos subvencionables, que non poden vincularse directamente á actividade subvencionada, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), subministracións (comunicacións, auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, mantemento ou limpeza.

Fíxanse nun tipo fixo do 7 % sobre os custos directos subvencionables indicados na letra a) anterior, ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC.

A contía da axuda será dunha subvención do 70 % dos custos directos subvencionables relacionados na letra a) do punto 2 deste artigo 3. Ademais, engádese a subvención dos custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7 % sobre os custos directos subvencionables, ao abeiro do disposto no artigo 54.a) do RDC, a resulta unha intensidade de axuda do 71,96 %.

Requisitos dos beneficiarios:

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que cumpran cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as que se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia con polo menos un traballador no momento de presentación da axuda.

c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.



d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais, contando como mínimo cunha páxina web con versión en inglés.

e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser beneficiarias da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime *de minimis* segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.

g) Que estean ao día de pagamentos debidos ás cámaras.

h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa tanto directa como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

Requisitos das entidades colaboradoras:

Poderán ser entidades colaboradoras as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación galegas, que son corporacións de dereito público que se configuran como órganos consultivos e de colaboración coas administracións públicas, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo, e que o soliciten nos prazos que se indican na convocatoria, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

As entidades colaboradoras serán as encargadas de programar, organizar e executar as actuacións e actuar de enlace entre as empresas solicitantes das actuacións sinaladas no punto 3.1 destas bases, asumindo as funcións e compromisos do punto seguinte.

Para acreditar a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática



habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Igape.

Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas cámaras nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, ou que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 €, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio entre elas e o Igape, en que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, cuxo modelo figura no anexo VI de las bases. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13 da Lei de subvencións.

As entidades colaboradoras estarán exentas da constitución de garantía prevista no artigo 13.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo autorización polo Consello da Xunta nos termos previstos no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto á xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou, en xeral, as comprobacións e verificacións que deberá realizar o organismo intermedio, a autoridade de xestión ou AC e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



c) Conservar as solicitudes das empresas para participar na acción e os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora. Deberán restituír as cantidades percibidas nos casos en que conorra causa de reintegro.

d) Subministrar, por requirimento do Igape, durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro de 2026, informe de resultados concretos obtidos gracias ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das actuacións financiadas.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e comunicarlles ás empresas esta obriga.

f) Remitirlle copia dixitalizada da dita documentación ao Igape.

g) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e a Unión Europea, segundo o establecido no anexo X destas bases e comunicarlles ás empresas esta obriga.

i) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

As entidades colaboradoras adheridas asumirán os seguintes compromisos:

Programar, organizar, convocar e realizar as accións nos termos previstos nestas bases, xestionando a súa realización e os custos e pagamentos que lle correspondan no seu desenvolvemento, asumindo a xestión económica e a dirección técnica, e realizando a asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para este fin.

Realizar ante o Igape os trámites para solicitar a axuda, a través da aplicación informática que se habilite para o efecto.

Enviarlle ao Igape a convocatoria das accións subvencionadas polo Igape –co seu orzamento orientativo non limitativo– (segundo o modelo do anexo V) para a súa revisión co fin de garantir o establecido nestas bases e a adecuación dos criterios de selección das



empresas interesadas aos obxectivos destas bases e aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, igualdade e non discriminación así como para a súa difusión.

Realizar o proceso de admisión das empresas que soliciten participar nas accións obxecto de apoio, conforme os procedementos que garantan os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència e igualdade e non discriminación, de acordo co artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e comprobar que as empresas seleccionadas compren os requisitos establecidos no artigo 8 destas bases para ser beneficiarias das axudas.

Comunicar ao Igape o peche da convocatoria e a relación de empresas seleccionadas para cada acción emitindo unha acta de selección de empresas.

Enviar ao Igape a información/documentación que se vaia facilitar ás empresas participantes na acción. Entre outros, o informe país/sectorial onde consten as oportunidades de negocio para as empresas galegas e as relacións bilaterais do país con Galicia.

Prestar ás pemes o servizo de acompañamento na acción en calidade de apoio técnico en destino, incluíndo os custos necesarios para a viaxe, aloxamento e relacionados (taxas, visados, PCR, etc.) da persoa ou persoas das entidades colaboradoras que se despracen para prestar estes servizos. A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación cunha participación igual ou superior a 4 empresas. A entidade colaboradora poderá solicitar a excepción desta obriga, que se poderá acordar extraordinariamente cando polas características da actuación se desprenda que non achega valor engadido.

Notificar ás empresas participantes a axuda concedida emitindo o correspondente Documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Esta comunicación farase ás empresas no prazo de dez días desde o remate do proceso de selección das empresas participantes na acción e conforme a resolución correspondente á actuación na que participa a empresa, de producirse modificacións a esta resolución, a entidade colaboradora deberá confeccionar e enviar un novo DECA á empresa que conteña os datos das citadas resolucións de modificación no prazo dun mes desde a notificación da dita modificación.

Xustificar a axuda ante o Igape atendendo ao procedemento descrito nas bases para a xestión destas axudas.



As cámaras deberán ingresarlles ás pemes os importes íntegros –sen compensación doutros gastos non elixibles– correspondentes ás subvencións recibidos do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as cámaras deberán remitirle ao Igape un escrito en que informen disto, con copia simple das transferencias efectuadas.

Poñer todos os medios para obter das empresas a documentación necesaria para a debida xustificación da subvención.

Facilitar canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

Promover e difundir este programa, así como informar o Igape do resto de actividades e programas de apoio á internacionalización empresarial que leven a cabo.

Reintegrar, nos casos previstos no artigo 33 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a totalidade ou parte das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de mora. Esta obriga será independente das sancións que, se é o caso, resulten exixibles.

Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio *Do no significant harm*-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

Procedemento de tramitación das solicitudes e dotación orzamentaria:

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no *Diario Oficial de Galicia* e tamén na páxina web do Igape a dita circunstancia, o que suporá



a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

- Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Estas axudas incardínanse no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023); no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño), e no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), ou nas normas que os modifiquen.

A convocatoria de axuda proposta ten unha dotación de 2.380.000 € no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, e compútase como cofinanciamento nacional polo 40 % restante, parte de cofinanciamento público do Igape e o investimento privado elixible dos beneficiarios.

Xustificación e o aboamento da subvención:

O prazo para solicitar o cobramento será o indicado na resolución de convocatoria das axudas.

A entidade colaboradora deberá presentar a solicitude de cobramento mediante o formulario normalizado (anexo III), que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informáti-



ca <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

Neste formulario deberá identificar as pemes beneficiarias da axuda, clasificalas segundo sexan microempresas, pequenas ou medianas empresas e declarar ante o Igape que as devanditas empresas compren os requisitos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 8 das bases reguladoras, e que foron seleccionadas segundo o modelo de convocatoria remitido ao Igape.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa.

No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade colaboradora para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o interesado das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A documentación xustificativa da actuación subvencionable que a entidade colaboradora ten que remitirle ao Igape é a seguinte:

a) Acta de pemes seleccionadas participantes na acción subvencionada e a ficha de inscrición correspondente a cada unha delas, así como os DECA emitidos a favor das empresas participantes.

b) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados



obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia (segundo o modelo do anexo VII-Informe de execución).

c) Un arquivo Excel co detalle de facturas e pagamentos no que se cubran, ademais, os seguintes datos relativos á contabilidade en que se reflectan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida de contabilidade separada: número de asiento, data do asiento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable da entidade colaboradora de que estes datos reflecten a realidade contable da operación subvencionada.

d) O detalle doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia.

e) Facturas das entidades colaboradoras ás pemes, que deben reflectir os seguintes datos:

1º. Data de emisión.

2º. NIF da empresa beneficiaria.

3º. Base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE.

4º. Enumeración dos servizos prestados e o seu importe, especialmente aqueles prestados pola propia entidade colaboradora, como os de organización da actuación e acompañamento á acción para apoio técnico en destino, persoa que viaxa, datas, cidade/s de orixe e destino...

5º. A factura debe estar asinada pola entidade colaboradora. Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.

f) Documentación acreditativa do pagamento realizado pola peme beneficiaria, por algún dos seguintes medios:

– Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario; ou xustificante electrónico de transferencia bancaria en que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.



– Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supor unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos do organismo beneficiario selada polo banco ou xustificante de recepción asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

l) Facturas dos provedores ás entidades colaboradoras que deben reflectir os seguintes datos e estar emitidas entre a data de solicitude da axuda e o prazo máximo de xustificación establecido na resolución de concesión.

1º. Data de emisión.

2º. NIF da empresa beneficiaria.

3º. Base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE.

4º. Detalle dos servizos prestados e o seu importe.

m) Documentación acreditativa do pagamento a provedores terceiros realizado pola entidade colaboradora, por algún dos seguintes medios:

– Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario; ou xustificante electrónico de transferencia bancaria en que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.



– Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucions posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto, e ademais, algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos do organismo beneficiario selada polo banco ou xustificante de recepción asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

n) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencions de Galicia, debe presentar a entidade colaboradora, de acordo co establecido no artigo 3.3 das bases reguladoras.

o) Declaración sobre calquera outra axuda recibida e/ou solicitada durante os tres anos anteriores ao da concesión da axuda, que se deberá cubrir no formulario electrónico de liquidación.

p) Calquera soporte dos establecidos no anexo X das bases onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público.

En todos os casos, os beneficiarios e as entidades colaboradoras deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que o beneficiario se opoña á consulta ou non preste o consentimento expreso, deberá achegar as certificacións xunto co resto da documentación xustificativa.

Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento, que, se é o caso, poderá supor a modificación ou deixar sen efecto a concesión e o reintegro, de ser o caso, das cantidades previamente aboadas.



O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta lles ingrese ás pemes os importes de subvención referidos correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitirle ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

As entidades colaboradoras deberán informar as pemes beneficiarias da axuda recibida polo Igape en réxime *de minimis*.

Modificacións:

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia da entidade colaboradora, sempre que esta presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.
- Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.
- Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.
- Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, teñan lugar con posterioridade a ela.

O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado.



Incumprimentos e reintegros:

Serán causas de revogación e reintegro da subvención as establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e título V do regulamento, e será competente para a súa resolución a persoa titular da Dirección Xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e, potestativamente, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

2. As cantidades que se deberán reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios e entidades colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

4. Se no procedemento de reintegro quedase acreditada a infracción grave destas bases pola entidade colaboradora, o Igape poderá resolver a revogación da súa colaboración e o reintegro das cantidades aboadas polo Igape por conta dos beneficiarios. A existencia de reintegro aos beneficiarios procederá nos supostos en que concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. O Igape reserva para si o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se consideren oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e as entidades colaboradoras e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o Igape para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou, en xeral, as comprobacións e verificacións que realizará organismo intermedio, a



autoridade de xestión ou AC e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, a obriga de reintegrar as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

6. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.

c) Cando non se faciliten os datos requiridos sobre a actividade exportadora ou non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, concreta a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou, en xeral, as comprobacións e verificacións que realizará o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegarase tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Cando non dispoñan dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso.



e) Cando non acrediten que están ao día das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

f) En relación con outras subvencións e axudas, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, do 100 % da subvención concedida:

– A non comunicación ao Igape da súa obtención, cando estas financien as actividades subvencionadas.

– A percepción doutras subvencións públicas incompatibles coa subvención prevista nas bases reguladoras.

g) Non comunicarlle ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

h) Non dar publicidade do financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo X destas bases.

7. Perda parcial do dereito ao cobramento: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, o Igape poderá declarar a perda parcial do dereito ao cobramento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Serán causas de perda de dereito parcial:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de efectuar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables. Deberanse, se e ó caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50 % da base subvencionable do proxecto por empresa participante, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o que suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro dun 2 % da subvención concedida.



8. Efectuado o pagamento das subvencións polo Igape, o incumprimento das obrigas contidas na bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

9. Devolución voluntaria da subvención. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES8320800388273110000584 en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Terceira. *Entidade colaboradora*

A entidade _____ é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido na cláusula segunda e no artigo 6 das bases reguladoras da axuda.

Cuarta. *Compromisos e obrigas da entidade colaboradora*

A entidade colaboradora comprométese a:

Cofecer o contido das bases reguladoras da axuda e deste convenio e cumprir cos requisitos establecidos neles.

Ter o domicilio social ou un centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Igape segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Comunicarlle ao Igape calquera variación que se poida producir nos datos recollidos nos documentos presentados.



Consentir o órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación o seu NIF e IAE da entidade colaboradora, ou ben anexar copia do seu NIF e IAE a este convenio.

Consentir o órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante da adhesión está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social e coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben anexar copia da certificación xustificativa de estar ao día coas súas obrigacións cos organismos sinalados anteriormente.

A entidade colaboradora será a encargada de programar, organizar e executar as actuacións e actuar de enlace entre as empresas solicitantes das actuacións –asumindo a xestión económica e a dirección técnica–, así como todas as obrigas recollidas no artigo 6 das bases reguladoras, e sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. *Obrigas do Igape*

O Igape obrígase a aboar por cada actuación aprobada e debidamente xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, a prol da empresa beneficiaria e a través da entidade colaboradora adherida, o importe da axuda que corresponda segundo as bases reguladoras da axuda.

Sexta. *Control*

Tanto as entidades colaboradoras como as empresas beneficiarias, quedan obrigadas a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 74 do RDC, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións acollidas a este convenio, e sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. *Publicidade dos datos*

De conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexis-



tro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades colaboradoras para os efectos da aprobación da operación, e a referida publicidade.

Oitava. Procedementos internos para a tramitación de operacións

As partes adheridas ao convenio comprométese a seguir as normas de procedemento interno que se establezan, de ser o caso, necesarias para asegurar a maior axilidade na tramitación dos expedientes, dentro do respecto á legalidade e á súa normativa propia.

En particular, o Igape reserva para si a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Oficina Virtual, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

Novena. Denuncia do convenio

Será causa suficiente para a resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas, logo de denuncia da outra, cun mínimo de 30 días de aviso previo. A resolución suporá en todo caso deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa legalmente contraídas polas dúas partes.

Décima. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveráase a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Décimo primeira. Vixencia

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura pola directora xeral do Igape e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2026 sen prexuízo das prórrogas que, se é o



caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

Décimo segunda. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30 de abril); na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Igape

O/a representante legal da entidade colaboradora

ANEXO VII

Informe de execucion

1. Para todo tipo de actuacións: informe da entidade colaboradora sobre a organización e acompañamento da acción, que debe incluír:

Identificación da acción. Título, datas e país.

Relación de empresas participantes.

Detalle dos traballos realizados para a organización da acción.

Identificación da persoa ou persoas mediante as cales se prestou o servizo de acompañamento técnico na acción.

Copia da documentación técnica ofrecida ás pemes participantes.

Valoración da acción cun informe detallado que inclúa datos concretos dos resultados e beneficios obtidos coa acción subvencionada.



2. Por cada empresa solicitante informe de evidencias da participación na acción. Debe incluír, segundo o tipo de actuación en que participen:

a) Misións empresariais.

Data de inicio:

Data de fin:

País de realización:

Cidade de realización:

Nome/s persoa/s que viaxa/n:

Aloxamento:

– Identificación de hotel:

– Data de entrada:

– Data de saída:

– Nº pernoctacións:

Viaxe:

– Data de saída:

– Data de regreso:

– Cidade de orixe:

– Cidade de destino:

– Cidade de regreso:

– Entrada á feira no caso de visitas a feiras, ou proba de participación no evento encontro empresarial (invitacións, programas, etc.)



– Copia da axenda facilitada pola asistencia externa no caso de misións con axenda.

– Informe asinado polo representante legal da empresa que recolla opinión sobre o resultado obtido coa acción e valoración da axuda na estratexia de internacionalización da empresa. Este informe deberá incluír expresamente, no caso de visitas a feiras ou participación en encontros empresariais, a motivación do interese da asistencia para a empresa.

b) Participación en feiras ou noutros eventos expositivos que se realicen no estranxeiro, así como aqueloutros eventos promocionais do tipo congresos, conferencias ou simposios que, aínda que non teñan un compoñente expositivo como tal, permitan indudablemente a promoción da empresa a nivel internacional e teñan lugar no estranxeiro.

Data de inicio:

Data de fin:

País de realización:

Cidade de realización:

Nome/s da/das persoa/s que viaxa/n:

Aloxamento:

– Identificación do hotel:

– Data de entrada:

– Data de saída:

– Nº de pernoctacións:

Viaxe:

– Data de saída:

– Data de regreso:

– Cidade de orixe:



– Cidade de destino:

– Cidade de regreso:

Fotografía/s do posto (*stand*) da empresa solicitante na feira comercial: deberá identificarse claramente o nome da empresa e/ou da marca comercial ou dos produtos ou servizos expostos pola empresa solicitante.

Fotografía/s ou ligazóns do catálogo expositor: (parte que mostre o ano e o título da feira comercial e o nome da empresa solicitante da axuda como expositora).

Outras evidencias de participación (no caso de dispor dalgunha destas evidencias únense aquí a imaxe):

- Acreditación (credencial/*badge*) de participación da empresa como expositor (identificando o nome da empresa).
- Acreditacións (credencial/*badge*) persoais do/dos participante/s na feira por parte da empresa solicitante.
- Certificado expedido polo organizador de que a empresa participou como expositor na feira comercial internacional.

Informe asinado polo representante legal da empresa que recolla opinión sobre o resultado obtido coa acción e valoración da axuda na estratexia de internacionalización da empresa.




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO VIII
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR PREXUIZO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE
(PRINCIPIO DO NO SIGNIFICANT HARM – DNSH)**
IG422B - AXUDAS FOEXGA, COFFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
DENOMINACIÓN DA CONVOCATORIA	<i>Axudas Foexga</i>
OBXECTIVO POLÍTICO	<i>OPI: "Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións"</i>
OBXECTIVO ESPECÍFICO	<i>OE1.3: "Reforzar o crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos"</i>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<i>Actuación 1.3.03: "Axudas á internacionalización de empresas galegas"</i>
ÁMBITO DE INTERVENCIÓN	<i>021: "Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos"</i>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que co obxecto de garantir o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio *Do no significant harm*-DNSH) e resto de exixencias ambientais no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cumprirá as seguintes condicións:

a) As actividades obxecto de subvención non ocasionarán un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:

- Mitigación do cambio climático.
- Adaptación ao cambio climático.
- Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños.
- Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
- Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o solo.
- Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

b) As actividades obxecto de subvención cumpriran a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

c) As actividades que se desenvolverán non causan efectos directos sobre o ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

d) Cumprirá todo o indicado nas bases reguladoras da convocatoria da subvención relativo á aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente.




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO VIII
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia Feder 2021-2027, na súa condición de organismo intermedio en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión, segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos anexos XIV e XVII do Regulamento (UE) n° 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	


**Cofinanciado pola
Unión Europea**

Fondos Europeos

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO IX
CUESTIONARIO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA ACCIÓN
IG422B - AXUDAS FOEXGA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		PAÍS	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB		
ADSCRIPCIÓN A UN CLÚSTER SI/NON						
REXISTRO INDUSTRIAL	DATA CONSTITUCIÓN	REXISTRO MERCANTIL	OBJECTO SOCIAL		INSCRIPCIÓN REXISTRAL	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO
				NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE			

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO							
1. CONDICIÓN DA PERSOA SOLICITANTE							
1.1. DECLARACIÓN DE PEME							
NOME / RAZÓN SOCIAL	NIF	ESTADO	%	FACTURACIÓN	BALANCE	EMPREGO (1)	
		<input type="checkbox"/>					
		<input type="checkbox"/>					
		<input type="checkbox"/>					
		<input type="checkbox"/>					
TOTAL (Rateado segundo definición peme)							




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO IX
(continuación)**

DECLARO QUE, a empresa á que represento cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

DECLARO QUE, a empresa á que represento, segundo os efectivos e límites financeiros definidos no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), encádrase na seguinte categoría:

Categoría de **MICROEMPRESA** (para unha empresa independente que non se considere asociada nin vinculada, poderá determinarse segundo os seguintes criterios: ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Categoría de **PEQUENA EMPRESA** (para unha empresa independente que non se considere asociada nin vinculada, poderá determinarse segundo os seguintes criterios: ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

Categoría de **MEDIANA EMPRESA** (para unha empresa independente que non se considere asociada nin vinculada, poderá determinarse segundo os seguintes criterios: ocupa máis de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual supere os 10 millóns de euros, non podendo superar o límite máximo de 250 persoas, volume de negocios anual non superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual non superior a 43 millóns de euros.

(1) Incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos.

1.2. LOCALIZACIÓN DO CENTRO DE TRABALLO EN GALICIA BENEFICIADO POLA ACCIÓN

ENDEREZO	PAÍS	PROVINCIA	PROVINCIA	CP
PARROQUIA	LUGAR			

1.3. PÁXINA WEB (Introduza o enlace á versión en inglés da páxina web da súa empresa)

1.4. PERSOA/S QUE VIAXAN

NOME	APELIDOS	CARGO NA EMPRESA	TELÉFONO MÓBIL

1.5. ALTA EN PROGRAMAS AVANZADOS DE INTERNACIONALIZACIÓN

o Si o Non NÚM. EXPEDIENTE IG192

2. ACTIVIDADE DA EMPRESA

ACTIVIDADE PRINCIPAL	EPÍGRAFE CENSUAL (IAE)	DATA ALTA CENSO	CNAE 2009 (activ. principal)
ACTIVIDADE SECUNDARIA	DATA DE ALTA	CENSO EPÍGRAFE (IAE)	

3. DATOS DO ÚLTIMO EXERCICIO PECHADO

ANO CONTABLE	IMPORTE NETO CIFRA DE NEGOCIO	RESULTADO DO EXERCICIO	TOTAL ACTIVO

4. DATOS DE EMPREGO AO PECHE DO ÚLTIMO EXERCICIO EN CENTROS DE TRABALLO EN GALICIA

Contratación indefinida:	Contratación temporal:
Homes:	Homes:
Mulleres:	Mulleres:
Total:	Total:

5. ANTECEDENTES DA PERSOA SOLICITANTE

A EMPRESA COMERCIALIZA:

Produtos	o Si o Non	Servizos	o Si o Non	Produtos e servizos	o Si o Non
----------	------------	----------	------------	---------------------	------------

BREVE HISTORIA DA PERSOA BENEFICIARIA:

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA PERSOA BENEFICIARIA:

DESCRICIÓN DOS PRODUTOS / SERVIZOS QUE PRODUCE, PRESTA OU COMERCIALIZA A PERSOA BENEFICIARIA




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO IX
(continuación)**

6. ANTECEDENTES EN COMERCIO EXTERIOR				
EXPORTADOR: o Si o Non	CIFRA DE EXPORTACIÓN 2020- 2023	PAÍSES:		
BREVE DESCRICIÓN DOS PRODUTOS QUE EXPORTA				
ESTÁ A SÚA EMPRESA IMPLANTADA NALGUN PAÍS FÓRA DE ESPAÑA?				
DATA DE IMPLANTACIÓN	PAÍS	NOME DA EMPRESA NO PAÍS		
7. DATOS ESPECÍFICOS DA ACCIÓN NA QUE SOLICITA PARTICIPAR				
DATOS BANCARIOS PARA OS EFECTOS DE SUBVENCIÓN				
IBAN	NOME DO TITULAR DA CONTA		DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. o Si o Non	
DATOS DA ACCIÓN EN QUE DESEXA PARTICIPAR:				
PAÍSES	TIPO DE ACCIÓN	MISIÓN	FEIRA	DATA DA ACCIÓN
PRODUTOS QUE SE VAN PROMOCIONAR				
PRODUTO	PARTIDA ARANCELARIA	MARCAS COMERCIAIS		
DISPÓN ALGUN PRODUTO/SERVIZO da empresa de: homologacións, patentes, ou marcas protexidas, rexistros, autorización, certificación, nalgún mercado estranxeiro? o Si o Non				
EXPERIENCIA CON EMPRESAS DO PAÍS (Indicar, no caso de que se coñezan, os nomes de empresas que consideren do seu interese. Sinalar aqueles outros aspectos que desexa sexan tido en conta):				
INDIQUE OS OBXECTIVOS DA ACCIÓN E PROGRAMA DE TRABALLO E TIPO DE REUNIÓN QUE DESEXA ACADAR COA SUA PARTICIPACIÓN NA ACCIÓN				
8. AXUDAS				
¿Solicitou e/ou obtivo outras axudas públicas ou privadas nos tres anos anteriores ao da concesión de axuda? o Si o Non				
No caso de dúbida pode consultar a Base de datos nacional de subvencións				
<input type="checkbox"/> SI, COMPROMÉTOME a comunicar cantas axudas solicite ou obteña baixo o réxime <i>de minimis</i> doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia				
¿Solicitou e/ou obtivo outras axudas públicas ou privadas para o mesmo proxecto para o que se concedeu esta subvención?				
<input type="checkbox"/> Ten solicitado ou concedido outras axudas				
<input type="checkbox"/> Non solicita outras axudas				
<input type="checkbox"/> SI, COMPROMÉTOME a comunicar cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia				
OUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS DE MINIMIS PARA A EMPRESA NOS TRES ANOS ANTERIORES AO DA CONCESIÓN DA AXUDA:				
Debe descargar este cadro cubrílo coa información das axudas públicas ou privadas nos tres anos anteriores ao da concesión da axuda e xuntar o arquivo cuberto aquí				
Cubra unha fila por cada unha das outras axudas				
Título	Arquivo			




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO IX
(continuación)**

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:	
a)	Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
b)	Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto á xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou, en xeral, as comprobacións e verificacións que vaian realizar o organismo intermedio, a autoridade de xestión e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou outras instancias de control, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos.
c)	Subministrar, por requirimento do Igape, durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro de 2026, informe de resultados concretos obtidos gracias ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das actuacións financiadas.
d)	Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.
e)	Difundir a convocatoria destas axudas nas súas páxinas web e dar publicidade do carácter público do financiamento do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional segundo o establecido no anexo X das bases.
f)	Facilitar canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
g)	Reintegrar, nos casos recollidos no artigo 33 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a totalidade ou parte das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de mora. Esta obriga será independente das sancións que, se é o caso, resulten exixibles.
h)	Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de "non causar prexuízo significativo" (principio <i>Do no significant harm</i> -DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.
i)	Cubrir este formulario de solicitude de participación e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.
j)	Confirmar a inscrición na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria e, en todo caso, antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 19 das bases.
k)	Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nas bases para acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria como son: <ol style="list-style-type: none"> DNI/NIE da persoa representante. NIF da entidade solicitante. NIF da entidade representante. Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE). Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT. Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social. Certificado de estar ao corrente de pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública. Declaración de inhabilitacións para obter subvencións e axudas. Declaración de concesións de subvencións e axudas. Declaración de concesións pola regra <i>de minimis</i>. Consulta do Rexistro Central de Titularidades Reais (RCTIR), en aplicación do disposto no artigo 69.2 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.
l)	Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
m)	Comunicarlle á entidade colaboradora a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
n)	Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.
o)	Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
p)	Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
q)	Consentir o Igape para a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.
10. DECLARACIÓNS	
A persoa solicitante declara que:	
a)	Non foi condenada por sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
b)	Non solicitou a declaración de concurso, non foi declarada insolvente ou en concurso nin está suxeita a intervención xudicial nin inhabilitada conforme a Lei concursal.
c)	Non deu lugar, por causa de que a declarasen culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
d)	A persoa física, as administradoras ou a representante legal, segundo o caso, da solicitante, non están incursas en ningunha das causas de incompatibilidade establecidas na normativa vixente.
e)	Atópase ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento de cotas á Seguridade social e non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega e cumpre cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do seu regulamento para ser persoa beneficiaria da axuda.
f)	Non ten residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
g)	Está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvención.
h)	Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.
i)	Cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.
k)	Non está no caso de ser: <ul style="list-style-type: none"> - Empresa suxeita a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea. - Empresa na que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, ou incumplan as obrigas do artigo 11 da citada lei. - Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade (agás empresarios autónomos), que careza de personalidade xurídica propia, aínda que realice actividade empresarial.




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO IX
(continuación)**

- l) Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.
- m) Ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda e garantir a sostibilidade financeira do proxecto.
- n) Cumpre cos criterios de definición de peme establecidos pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014.
- o) Manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
- p) Conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos subvencionables durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.
- q) As persoas provedoras non están asociadas nin vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose esta vinculación nos termos especificados no artigo 43.2 do Decreto 11/2009.
- r) Está ao día nos pagamentos que se deben ás Cámaras.
- s) É coñecedora de que as empresas participantes nunha mesma acción non deberan ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención.
- t) Mediante a sinatura desta solicitude de participación na acción, acepta a tramitación da axuda a través da entidade colaboradora.
- u) Autoriza o Igape a ceder á Cámara de Comercio convocante a utilización dos datos declarados pola persoa solicitante para os únicos efectos da organización da acción, informes de resultados e tramitación da subvención.
- v) Os datos desta solicitude son certos e exactos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--

NOTA: recorde achegar a documentación indicada no artigo 9 d) das bases reguladoras, e entregar este formulario á entidade colaboradora da acción na que solicita inscribirse, así como realizar o pagamento correspondente á convocatoria.


**Cofinanciado pola
Unión Europea**

Fondos Europeos
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


ANEXO X**Requisitos de comunicación do financiamento público**

Responsabilidade da persoa beneficiaria.

As axudas para a execución de accións de promoción do programa Foexga son subvencións cofinanciadas con fondos da Unión Europea. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a persoa beneficiaria, durante o período de execución e mantemento do investimento, recoñecerá a axuda dos fondos europeos a través do Feder, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacará a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:

https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_igape_Foexga_ga.pdf



The image is a promotional poster for the Foexga program. It features the logos of the Xunta de Galicia, the European Union (Cofinanciado pola Unión Europea), and the European Funds (Fondos Europeos). The main text reads: "Esta entidade foi beneficiaria das axudas do Programa Foexga". Below this, there is a world map graphic and two paragraphs of text. The first paragraph states: "O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas." The second paragraph states: "O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora." The background of the poster is light blue with a faint map of Europe.



b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

c) Exhibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; en casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/01-03-internacionalizacion/Cartel_Ayudas_Igape_Foexga_ga.pdf



 **XUNTA DE GALICIA**

 Cofinanciado pola
Unión Europea

 Fondos Europeos

Esta entidade foi beneficiaria das axudas do Programa Foexga



O obxectivo principal destas axudas é incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas.

O resultado que se pretende acadar é o impulso das pemes e os seus produtos e servizos, aumentando o número de empresas de base exportadora.



Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo lugar só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación.

Este material deberá ser posto á disposición do organismo intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento «Uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027» (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

